



REGULAMENTO DA XVII MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ



1.- A Marcha cicloturista está aberta á participación dos/as ciclistas maiores de 15 anos ou ben que os cumpran durante o ano en curso e teñan licenza federativa.

A persoa que non teña licenza federativa poderá obtela por un só día por un importe de 12 € (terá a cobertura dunha póliza de responsabilidade civil e de accidente). Neste caso, a inscrición deberá formalizarse con un mínimo de 72 horas de antelación á celebración da marcha. É dicir, a data tope para inscribirse as persoas que non posúan licenza federativa é o mércores día 6 de xuño de 2012.

As persoas participantes deberán levar casco ríxido obrigatoriamente.

2.- O número máximo de participantes na proba será de 200.

3.- A inscrición custará 15 €. **Aquelas persoas que formalicen a súa inscrición a través da paxina web do club <http://www.ccxiabre.com> aboarán 12 €.** A inscrición en liña finalizará o mércores día 6 de xuño ás 24 horas. A Organización atenderá aos gastos de dorsal, avituallamento, petiscos ao finalizar a marcha e un agasallo a cada participante.

4.- Durante o transcurso da Marcha os participantes obedecerán as ordes da Organización e dos axentes de tráfico. Os que incumpran as normas serán excluídos da Marcha.

5.- Circularase de acordo ao establecido nas normas de circulación e seguindo as directrices dos axentes da Garda Civil de Tráfico.

6.- A marcha será neutralizada e con tramo libre. Establécese unha velocidade media de 25 km/h. A parte neutralizada será controlada polos membros do C.C. Xiabre. O tramo libre comezará en Caldas de Reis no quilómetro 31,3 da marcha e finalizará no lugar de avituallamento en Fontefría e incluírá a subida opcional ao alto de Meda.

7.- A entrega de dorsais farase 1 hora antes da saída. Os participantes están obrigados a portar en lugar visíbel o seu dorsal durante todo o percorrido. A data límite para realizar a inscrición será o mesmo día da marcha ata 1 hora antes do seu inicio para as persoas con licenza federativa.

8.- A Organización disporá de médico, ambulancia, coche vasoira, asistencia mecánica e avituallamento. Ao final da marcha, haberá un servizo de duchas a disposición dos/as participantes.

9.- O Club Ciclista Xiabre fará entrega dos seguintes agasallos:

a) Agasallo individual a todos/as os/as participantes.

b) Agasallo ao Club máis numeroso (mínimo 5 participantes).

c) Agasallo ao Club máis distante (mínimo 5 participantes).

d) Agasallo ao/á participante máis veterano/a.

e) Agasallo ao/á participante máis novo/a.

f) Os compoñentes do club organizador só recibirán o agasallo individual.

10.- A organización resérvase o dereito de modificar todo o relativo aos itinerarios, reagrupamentos, horario de saída, etc., cando motivos ou circunstancias extraordinarias así o aconsellen para o bo desenvolvemento da proba.

11.- A inscrición nesta Marcha significa a aceptación do presente regulamento en todos os seus termos. Calquera participante que non o cumpra será responsábel dos seus actos, tanto dentro como fóra da Marcha, excluindo de toda responsabilidade á Organización.